



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SAN SADURNIÑO

Aprobación definitiva de ordenanza fiscal

A N U N C I O

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 8 de setembro de 2012, acordou aprobar provisionalmente unha modificación da Ordenanza fiscal nº 12, reguladora da Taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos e a utilización de instalacións deportivas municipais e a derogación total da Ordenanza fiscal Nº 13, reguladora da Taxa pola prestación do servizo de emsinanzas especiais en establecementos docentes do concello. Expostas ó público as devanditas aprobacións provisionais, mediante publicación de anuncio no BOP nº 179, do 19 de setembro de 2012, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícase o texto íntegro da referida Ordenanza nº 12 modificada:

“ORDENANZA FISCAL Nº 12,

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAI E DEPORTIVOS E A UTILIZACION DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 131.2 e 142 da Constitución e polo artigo 105 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Reximen Local, e de acordo co disposto na Sección III de Tasas do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola prestación de servizos consistentes na utilización das Instalacións Deportivas Municipais e pola Prestación de servizos culturais e deportivos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, aténdose as súas normas ó previsto no artigo 20 -apartado 1, letra B.b) e apartado, 4, letra o),- e no artigo 57 do xa citado R.D. Lexislativo 2/2004.

Artigo 2º.- Feito Impoñible.

Constitúe o feito imoñible da Taxa pola prestación de servizos consistentes na utilización da Casa da Cultura, do Polideportivo, da Piscina Municipal e do Ximnasio e na prestación de servizos de tipo cultural e deportivo (Escolas Culturais e Deportivas).

Artigo 3º.- Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiére o artigo 36 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan usuarios dos servizos das instalacións culturais e deportivas municipais citadas anteriormente e polos servizos culturais e deportivos prestados polo Concello de San Sadurniño no ámbito das súas competencias na materia.

Artigo 4ª.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiére o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravamen.

5.1) As tarifas en canto á asistencia a espectáculos e á utilización de instalacións culturais e deportivas son os comprendidos nas seguintes tarifas:

A) Casa da Cultura

Concepto	Importe (Euros)
Asistencia a eventos cun cachet de menos de 500 €	3 €
Asistencia a eventos cun cachet de 501 a 1000 €	5 €
Asistencia a eventos cun cachet de 1001 a 3000 €	8,00 €
Asistencia a eventos cun cachet de máis de 3000 €	10 €
Bono 3 actuacións para ano natural independentemente do cachet	12 €

* Estas tarifas terán unha bonificación do 50% para menores de 18 anos e maiores de 65.

B) Polideportivo Municipal (tarifas por hora ou fracción)

Concepto	Importe (Euros)
Utilización para usos deportivos por entidades deportivas rexistradas no Concello de San Sadurniño	1 €
Utilización para usos deportivos por veciños/as do Concello	6 €
Utilización para usos deportivos por entidades ou grupos de fora do Concello	15 €
Utilización para competicións non organizadas polo Concello de San Sadurniño	20 €
Espectáculos ou actos non deportivos (ata 5 horas de duración)	94,92 €

C) Piscina Municipal:

Concepto	Importe (Euros)
Entrada individual diaria de adultos	3,16 €
Entrada individual diaria de nenos ata 14 anos	1,59 €
Abono temporada de adultos	25,31 €
Abono temporada de nenos ata 14 anos	15,82 €
Abono unidade familiar (ata 4 persoas)	37,94 €
Cada persoa a partires da quinta, dentro do abono familiar	3,16 €
Cursos de natación de nenos ata 14 anos	9,49 €/mes
Cursos de natación de adultos	18,98/mes

D) Ximnasio Municipal:

Concepto	Importe (Euros)
Entrada diaria	3,16 €
Abono mensual para empadronados	15,82 €
Abono mensual para non empadronados	26,37 €
Entrada entidades con 10 ou menos usuarios/as	10,55 €
Entrada entidades con mais de 10 usuarios/as	15,82 €

5.2) As tarifas pola prestación de servizos culturais e deportivos serán as seguintes:

Establecécese

Feito impoñible	Matrícula	Cuota trimestral
Escolas Culturais e Deportivas Municipais, para maiores de 18 e menores de 65 anos, por cada trimestre ou fracción de duración	15€	28,88 €
Escolas Culturais e Deportivas Municipais, para menores de 18 e maiores de 65 anos, así como titulares de carné xove, estudantes, pensionistas e familias numerosas por cada trimestre ou fracción de duración	15€	19,26 €

- Estas tarifas actualizaranse anualmente por IPC.

Artigo 6º.- Exencións.

Estarán exentas desta taxa as utilizacións que se vaian realizar polos seguintes motivos:

- a) A impartición no Pavillón Municipal das clases de educación física polo CPI San Sadurniño durante a xornada escolar, así como o resto de eventos destes centros.
- b) A utilización do Pavillón para competicións oficiais polos clubs deportivos rexistrados en San Sadurniño.
- c) O uso da Casa da Cultura para eventos e actividades organizadas polo CPI San Sadurniño.

Artigo 7º.- Liquidación e recadación.

- 1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación do servizo.
- 2.- O pago da Taxa realizarase por ingreso directo na Tesourería Municipal.
- 3.- Este ingreso terá carácter de depósito previo, consonte co disposto no artigo 26.1.a) do R.D. Lexislativo 2/2004, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza ou autorización correspondente, no seu caso.
- 4.- A condición de incrito nunha escola municipal esixirá o previo pago da matrícula. Cando se formaliza a matrícula anual débese estar ao corrente dos débitos de cursos anteriores.

Artigo 8º.- Normas de xestión.

- 1.- O inicio e duración de cada escola cultural e deportiva municipal, anunciarase oportunamente nos lugares de costume, facéndose constar no anuncio as escolas deportivas que se ofertan e o seu posible horario, así como o prazo para a presentación de solicitudes de admisión ás mesmas.
- 2.- A solicitude farase no modelo normalizado que se facilitará aos interesados nas oficinas municipais e na páxina web do Concello.
Fóra do prazo que se estableza no anuncio, as persoas interadas poderán presenta-las súas solicitudes de admisión, sempre e cando existan prazas na escola ou escolas culturais e deportivas por aquelas elexidas.
- 3.- Presentada a instancia no Rexistro Xeral do Concello, os interesados deberán ingresar o importe do depósito previo ó que se fai referencia no artigo 7º, desta ordenanza, segundo liquidación que se practique pola Secretaría-Intervención á vista de dita solicitude.
- 4.- Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de admisión ás escolas deportivas municipais, a Alcaldía aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, que se fará pública no Taboleiro de Anuncios desta Corporación, concedéndose un prazo de cinco días hábiles, ós efectos de reclamacións, contados a partir do día seguinte a dita publicación.
Rematado dito período de exposición, a Alcaldía-presidencia resolverá as reclamacións que se presentasen e aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos, elevando a definitivos os depósitos previos efectuados polos interesados. No caso de que non se presenten reclamacións, considerase definitiva a lista provisional e elevaranse a definitivos os depósitos previos efectuados polos interesados.
- 5.- As persoas que presentasen as súas solicitudes de admisión ás escolas deportivas fóra do prazo fixado serán admitidas por resolución da Alcaldía, só no caso de que existiran prazas na escola ou escolas elexidas polos interesados, e previo cumprimento do requisito sinalado no punto 3 deste artigo.
- 6.- A utilización do pabellón polideportivo municipal solicitarase no modelo normalizado que se facilitará nas oficinas municipais.

7.- As entradas para a piscina municipal obteranse nas taquillas ubicadas no acceso á instalación. Os abonos solicitaranse do Concello no modelo normalizado que se facilitará nas oficinas municipais.

8.- A xestión do Ximnasio Municipal rexerase por unha normativa propia. As entradas individuais solicitaranse na mesma instalación, e os abonos no Concello.

9.- As entradas para eventos e actos na Casa da Cultura adquiriranse e liquidaranse na mesma.

Artigo 9º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarse ó previsto nos capítulos III e IV do Título IV da Potestade Sancionadora da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

Disposición adicional:

Para o caso de que houbera varias peticións para un mesmo día solicitando a utilización do pabellón polideportivo, seguirase a seguinte orde:

- 1.- Escolas deportivas municipais e actividades organizadas polo Concello.
- 2.- Entidades deportivas rexistradas no Concello.
- 3.- Colectivos veciñais do Concello.
- 4.- Entidades ou colectivos doutros concellos.

En caso de coincidencia de prioridades terá preferencia a solicitude que teña entrada en primer lugar no rexistro xeral deste Concello, e así sucesivamente.

Disposición Final.-

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

San Sadurniño, 29 de outubro de 2012.

O ALCALDE,

Asdo.: Secundino García Casal.

2012/13634